

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2024/25.*

Co obxecto de realizar a convocatoria de autorización de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2024/25, esta dirección xeral resolve anunciar:

Primeiro. Que a regulación e a convocatoria de incorporación de novas seccións bilingües para o curso 2024/25 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/portal>

Segundo. Que os centros que desexen impartir o programa de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación a que se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.gal/programaseducativos>

Terceiro. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de maio de 2024.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Judith Fernández Novoa  
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

